

PROGRAM





entroidos de Ourense

O carnaval na provincia de Ourense non só se celebra nos catro días principais, de sábado a martes de entroido, onde as bromas, os disfraces e os traxes típicos enchen a cidade, as vilas, aldeas e rúas, días nos que se anima á participación popular; senon que desde xaneiro xa se comeza a preparalo, como acontece en Xinzo de Limia, cun dos ciclos máis longos.

Unha festa na que se valora o espírito participativo e as ganas de divertirse, hai que ir disfrazado, non importa de que, sen disfraz un corre o risco de sufrir uns golpes de fusta; de que lle boten fariña ou formigas vivas; ou de ter que convidar a unha rolda de viños. É o que hai!

O entroido ourensán é ancestral, unha celebración de longa tradición popular, que a día de hoxe goza de moi boa saúde, aínda que algúns ritos e peculiaridades se teñan perdido e outros estean en proceso de recuperación. É unha festa de interese turístico nacional en Verín e Xinzo de Limia, e de interese turístico galego en Laza, Maceda, Manzaneda, Viana do Bolo e Vilariño de Conso.

E en Ourense acampañamos sempre o entroido dunha boa mesa onde o protagonista é o porco, coa guarnición das patacas, os grelos ou os garavanzos. E de postre, filloas, orellas, bica..., para rematar cun bo licor café.

Que empece a festa!

A Deputación de Ourense co Entroido!



Xoves 23 de febreiro

ENTRIMO

Xoves de Comadres.

FREI CANEDO DA PONTE (OURENSE)

Xoves de Comadres.

LAZA

Xoves de Comadres.

14:30 h. Folión dos nenos do CEIP
O Castiñeiro polas rúas de Laza.

Cea das mulleres e verbena.

MANZANEDA

Xoves de Comadres.

OURENSE

Xoves de comadres.

11:30 h. Regueifas e loitas tradicionais na
Praza Maior.

23:00 h. Animación de rúa.

00:30 h. Sesión DJs Noite de Comadres.
Praza do Corredor e Praza de
San Martiño

VERÍN

Xoves de Comadres.

11:45 h. Desfile Infantil de Entroido: os
nenos de diversos colexios per-
correrán as rúas máis céntricas de
Verín acompañados de charangas.

Pola noite, mandan as mulleres. Tras as tra-
dicionais ceas de comadres nos restaurantes
da vila, amenizadas por charangas, as mulle-
res dirixíranse á Casa de Escudo, no barrio
de san Lázaro, onde sobre as 00:30 h, par-
tirá a procesión. A Raiña recibirá a comitiva
encabezada por don Carnal que descenderá

polo camiño Real e dirixírase á Praza Maior
para escoitar o pregón. A festa continúa na
Praza Maior coa *Orchestra Marbella*.

VIANA DO BOLO

Xoves de Comadres.

00:00 h. Colga da Lardeira.

12:00 h. Desfile dos nenos do CEIP Bibei
polas rúas.

Tarde-noite: fariña, disfraces, fulión, cha-
ranga e cea de comadres.

VILARIÑO DE CONSO

Xoves de Comadres.

20:00 h. Ronda de Fulión pola vila de Vilari-
ño de Conso e **Colga da Lardeira**.

Cea das mulleres nun restaurante da loca-
lidade.



Cabeiros de Muíños.

Venres 24 de febreiro



LAZA

Venres de folión.

Pola tarde, cantos, xastré e licor café polos bares da vila.

23:30 h. **Gran Folión.** Con saída desde o fondo da Cerdeiriña, con chocos, fachóns, viño e xastré, recorrendo as rúas da Cerdeiriña, A Picota, A Rúa, Souteliño e Cimadevila, acompañados pola *Agrupación de Bombos dos Entroideiros de Vences*.

MACEDA

Comadres.

20:00 h. Saída da Praza das Toldas.

OURENSE

Animación de rúa con charangas.

21:00 h. **Inaguración do Entroido.**
Praza Maior ao Xardín do Posío.

22:00 h. Cocido de Entroido e festa.
Xardín do Posío.

00:30 h. Sesión DJs na Praza do Correxidor e Praza de San Martiño.

VERÍN

Venres de Compadreo.

Pola mañá as charangas percorrerán as rúas de Verín.

19:00 h. Barrio de San Lázaro, desde onde sairán dous carros cara á rúa Irmãos Moreno, lugar onde os entroideiros degustarán viño e o tradicional porco ao espeto. En todo momento a música acompañará os carros a cargo dos *Festicultores Troupe*.

A medianoite a festa continuará na Praza Maior a cargo do *Grupo D'Moda*.

VIANA DO BOLO

20:30 h. **Fariña, disfraces e fulión.**

XINZO DE LIMIA

Venres infantil.

11:30 h. Desfile infantil con charangas.

18:30 a 20:00 h. Espectáculo *Hakuna Matata* de Troula Animación.

21:30 a 02:30 h.
Animación de charangas.



Cigarrón de Verín.



Sábado 25 de febreiro

O CARBALLIÑO

11:30 a 13:30 h.

Obradoiro Infantil de máscaras de entroido na Praza Maior.

16:30 h. **Desfile** e Concurso de disfraces na Praza Maior.

CUALLEGRO

12:00 h. **Os Zarramoncalheiros** esperan aos fregueses á saída de misa.

EIROAS (OURENSE)

Á tardiña, **Folión do Entroido**.

FREI CANEDO DA PONTE (OURENSE)

22:30 h. Baile de disfraces con orquestra.

ENTRIMO

Tarde de Madamas e Madamitos.

16:00 h. **Desfile** polas rúas e o Campo da Feira (Terrachá).

18:00 h. Merenda. Venceáns.

LAZA

Sábado de Cabritadas.

Ao longo do día, animación coas charangas.

Pola tarde, na Picota, **Farriñada dos nenos**. Paseillo dos carrillos musicais e actuación das *Pandereteiras de Baltar*.

Pola noite Troula e **Cabritada dos Mozos**.

21:00 h. Carpa con Cabritada (reserva previa) e verbena con orquestra.

MACEDA

Percorrido dos Felos polas aldeas da Serra.

20:00 h. **Saída da Morena** desde a Praza do Toural.



MANZANEDA

Cea da Lardeira.

21:00 h. Visita do Fulión de Biduera a Requeixo.

18:00 h. Visita do Fulión de Borruga/Cu-beiros a Langullo. Visita do Fulión de Vilar a Reigada.

MUÍÑOS

11:00 h. **Visita dos Cabreiros** a diferentes pobos de Muíños.

17:30 h. Desfile.

19:30 h. Cea popular.

OÍMBRA

19:00 h. Baile na praza.

21:00 h. Cea dos veciños.

OURENSE

Sábado de Entroido.

Animación de rúa.

11:30 h. Gran Xogo do Entroido.
Xardín do Posío.

17:30 h. Festa infantil. Xardín do Posío.

00:30 h. Sesión DJs na Praza do Correxidor

00:30 h. Baile coa orquestra Leticia na
Praza Maior.

PARADA DE SIL

Percorrido dos Anxeos polas aldeas do concello.

14:30 h. Comida popular: cocido. Baile de disfraces ao rematar.

RIÓS

11:00 a 12:30 h. **Desfile** de Entroido de Ríos a Marcelín.

12:00 a 14:00 h. Festa para os asistentes e inchables para os nenos na Praza do Concello.

12:30 a 14:00 h. Pinchos e magosto popular na Praza do Concello

18:30 h. Charanga en Marcelín, degustación de orella e festa pola noite.

VERÍN

Pola mañá, as charangas percorrerán as rúas.

17:00 h. **Bautizo do Cigarrón** na Praza da Mercé.

18:00 h. Baile de capuchóns e mascaritas. Praza da Mercé.

19:00 h. Un divertido circuito non que as charangas levarán a música e a festa polas rúas da vila.

Tarde/noite na Praza Maior co *Grupo Claxxon* e a orquestra *Televisión*.

VIANA DO BOLO

20:30 h. **Fariña, disfraces e fulión.**

VILARDEVÓS

16:00 h. **Saída dos Chocalleiros** polas rúas de Vilardevós.

16:30 h. Saída de carrozas e disfraces. Abrirá o desfile o Rei do Entroido.

18:00 h. Saída da Rubia.

18:30 h. Lectura do testamento.

19:00 h. Cabezudos, bombos, fachóns e queima do meco.

20:00 h. Repartición de bolos preñados.

21:00 h. Bruxo.

VILARIÑO DE CONSO

Sábado de Entroido.

A partir das 18:00 horas, **rolda de Fuliños** polas rúas da vila de Vilariño en representación das tradicionais **visitas** rolando as adegas da vila, para terminar na carpa da praza e degustar o tradicional **porco ao espeto**.

A partir de las 20:00 horas, terá lugar o **Concurso de Disfraces** e, posteriormente, festa a cargo da *Disco móbil A Gramola*.

XINZO DE LIMIA

Sábado de Entroido

Charangas todo o día para animar a festa.





Domingo 26 de febreiro

A MERCA (A MEZQUITA)

- 9:30 h. **Desfile dos Galos** polas rúas da Mezquita.
- 17:30 h. Festa con música na zona das Escolas. Recreación da **Monta do Galo**.

BANDE

- 11:00 h. **Ruta dos Troteiros** polas rúas de Bande acompañados dos *Gai-teiros de Cadós* desde a Praza da Constitución.
- 13:15 h. Pregón a cargo de Xosé Antonio Touriñán.
- 14:30 h. I Cocido Don Pedro.
- 17:00 h. **Desfile** de Comparsas e carrozas coa actuación de charangas.
- 18:00 h. Actuación dunha orquestra.

O CARBALLIÑO

- 11:30 h. Animación musical.
- 20:00 h. **Canto de Coplas a cargo dos Li-borianos** na Praza Maior.

CUALLEDRO

- 12:00 h. **Os Zarramoncalleiros** esperan aos fregueses á saída de misa..

ENTRIMO

Domingo de Entroido.

Concurso de carrozas e máscaras.

ESGOS

- 9:30 h. **Saída dos Felos Madamas** polas aldeas de Esgos.
- 17:30 h. **Desfile concurso de disfraces**.



Felos e madamas de Esgos.

FREI CANEDO DA PONTE (OURENSE)

Día do polbo e dos nenos.

12:00 h. Sesión vermut.

13:00 h. Gran papatorio.

20:00 h. Espectáculos infantís.



Peliqueiros de Laza.

22:30 h. Baile de disfraces.

LAZA

Domingo de Estrea.

Pola mañá, **estrea dos peliqueiros**. Á saída de misa saúdo dos Peliqueiros aos fregueses. Seguidamente Repartición da Bica do Peliqueiro na Praza da Picota. Pasa rúas a cargo de charangas.

Pola tarde, **desfile de Carrozas típicas**, baile e verbena coa actuación da *orquestra Panamá*.

MACEDA

Percorrido dos Felos polas aldeas da Serra.

MANZANEDA

Domingo gordo.

15:00 h. **Fuliada** en San Martiño.

MASIDE

10:30 h. **Saída a cabalo dos Felos** desde o Puzo do Lago visitando as diferentes aldeas de Maside. Pincho en Louredo por cortesía dos veciños.

Comida en Puzo do Lago e actividades ecuestres.

OURENSE

Animación de rúa.

17:00 h. **Desfile** de comparsas e carrozas.

18:30 h. Baile coa orquestra Claxxon na Praza Maior.

19:30 h. Concurso rei/raíña do Entroido 2017 na Praza Maior.

OÍMBRA

Faranse os fachucos e o Entroido na praza. Atraccións e talleres para os nenos.

21:00 h. Cea amenizada con DJ.

RIBADAVIA

17:00 h. **Desfile** de charangas e comparsas desde o IES Ribeiro ata a Praza Maior.

SARREAUS

17:00 h. **Desfile** de comparsas e carrozas. Presencia dos Vergalleiros.

SEIXALVO (OURENSE)

14:00 h. Cocido, bacanal en Infesta.

16:00 h. Espectáculo sorpresa.

16:30 h. Festa rachada.

VERÍN

Domingo de Entroido.

12:00 h. **Desfile** de comparsas, carrozas e **Cigarróns**.

Animación de charangas toda a xornada.

Orquestras na Praza Maior ata a madrugada.

VIANA DO BOLO

Domingo Gordo.

12:00 h. **Desfile** de fulións, boteiros e carrozas ata a Praza Maior.

14:30 h. **XLVII Festa da Androlla**.

Tarde-noite: actuación de grupo musical na Praza Maior.

VILARIÑO

Domingo Gordo.

Día grande do Entroido.

11:30 h. Lectura do pregón na praza da vila e a continuación os fulións de todas as parroquias do concello coas súas carrozas percorreren as rúas de Vilariño.

Concurso de Carrozas.

14:30 h. **XXVIII Festa do Cabrito** no Pavillón Polideportivo.

XINZO DE LIMIA

Domingo de Entroido.

11:30 h. Alborada a cargo da *Agrupación musical da Limia*.

Todo o día, actuacións de charangas.

18:30 a 22:00 h. Actuación da *Orquestra De Moda* na Praza do Toural.



Máscara e fulión en Manzaneda.

Luns 27 de febreiro



ALLARIZ

17:00 h. **Festa Infantil.** Pavillón do IES. Animación musical e batukada infantil.

21:30 h. **Cachuchada** na Barreira.

BARCO DE VALDEORRAS

17:00 h. **Festa infantil** de Entroido no Pavillón Vello.

O CARBALLIÑO



Frei Canedo, A Ponte, Ourense.

Feirón do Entroido.

11:00 h. Animación musical.

23:00 h. **Baile de disfraces** na Praza Maior.

FREI CANEDO DA PONTE (OURENSE)

Día grande de Frei Canedo.

18:00 h. Charanga e pasa rúas para a xuntanza dos frades arredor da capela.

19:30 h. Comezo dos solemnes actos.

20:15 h. Saída da solemne **procesión polas rúas da Ponte.**

22:00 h. Cea para honrar a Frei Canedo.

23:30 h. Baile de disfraces.

LAZA

Luns Borralleiro.

Pola mañá: **Farrapada, Maragatos e Xitanada dos Burros.** Pasarruas e animación con charangas.

Pola tarde na Picota unha gran batukada mentres se espera a **Baixada da Morena** desde Cimadevila, acompañada das formigas, toxos e cobelleiros. Reparto da cachucha con pan ao finalizar.

Baile e verbena.

MACEDA

Festa infantil na Praza das Toldas.

MASIDE

17:30 h. **Desfile** de comparsas e disfraces.

OÍMBRA

17:00 h. Percorrido polas adegas do pobo.

OURENSE

Luns de Entroido.

Animación de rúa.

10:00 h. Mañás de entroido: Actividade dirixida a nenas/os de 3 a 12 anos.

17:00 a 00:00 h. Dial de Entroido. Rúa da Unión.

17:30 h. Festa Infantil no Xardín do Posío.

00:30 h. Sesión DJs na Praza do Correxidor.

00:30 h. Baile coa *Orquestra Ritmo Joven* na Praza Maior.

A POBRA DE TRIVES

Pola tarde, entroido infantil.

RIBADAVIA

16:30 h. Baile infantil no Club Artístico.

AS TEIXUGUEIRAS (CARTELLE)

16:30 **Realización do Meco.**

Gaiteiros e cea popular.

VERÍN

Luns de Entroido.

Pola mañá animación musical a cargo da *charanga Támega*.

16:30 h. **Entroido infantil** con talleres, xogos e karaoke no Pavillón Municipal de Deportes.

A tarde estará amenizada pola *charanga Támega*.

19:00 h. *Disco móbil A Gramola* na Praza Maior, con degustación de empanada e bica.

00:00 h. Na praza Maior actuación da *Orquestra París de Noia*.

VIANA DO BOLO

Día dos nenos.

16:00 h. **Fulión infantil**, xogos tradicionais, disfraces, música e chocolatada.

20:00 h. **Fulión trapalleiro.**

XINZO DE LIMIA

Luns de Entroido.

17:00 h. Actuación musical
Mamá Cabra.

Charangas todo o día.



Boteiro en Viana do Bolo.

Martes 28 de febreiro



ALLARIZ

17:30 h. **Desfile de comparsas.** Desde a estrada de Xunqueira ata o CEIP.

Pavillón do IES: **Baile de Entroido.**



BANDE

Feira de Entroido nas rúas da vila pola mañá.

11:00 h. **Ruta dos Troteiros** polas rúas de Bande coa *Charanga de Bande*.

17:30 h. Baile de Máscaras.

19:30 h. Zumba choqueira. Chocolatada, bica e sorteos.

BARBADÁS

17:00 h. **Gran Foliada de Entroido.** Desfile pola Av. de Celanova da Valenzá.

BARCO DE VALDEORRAS

17:30 h. Tradicional **desfile** de comparsas, folións e disfraces.

O CARBALLIÑO

Animación musical.

17:00 h. Gran **desfile** de comparsas polas rúas da vila.

20:00 h. Música na Praza Maior.

COVELO (MELÓN)

10:30 h. **Desfile** de Entroido en Covelo.

EIROÁS OURENSE

Martes de Entroido.

Pola mañá, pasa rúas con máscaras e músicos. Apertura do Mercadiño de dona Gumerinda.

13:00 h. **Voda da Pita:** xantar dos noivos con música de charanga.

Baile de disfraces con orquestra.

Concursos e pasarelas de disfraces.

A partir das 9 da noite: **Queima do Meco.**

LAZA

Martes de Entroido.

Pola mañá saída dos Peliqueiros Veteráns e pasa rúas con charangas.

Pola tarde **Desfile de Carrozas** típicas.

A tardiña: **Testamento do burro**. Enterro do Entroido e Loito dos Peliqueiros.

Música con orquestra.

MACEDA

17:30 h. Gran **desfile** de disfraces. Saída desde a Praza das Canteiras.

MANZANEDA

Martes de Entroido.

11:30 h. **Desfile de Fuliós** pola vila de Manzaneda.

14:00 h. Comida Popular.

A MEZQUITA (A MERCA)

9:30 h. **Desfile dos Galos** polas rúas da Mezquita.

17:30 h. Festa con música na zona das Escolas. **Recreación da monta do galo**.

MUGARES (TOÉN)

14:00 h. Cocido.

16:30 h. **Saída das Señoritas e Labardeiros**, acompañados dunha charanga.

OÍMBRA

17:00 h. **Saída dos Fachucos** coa compañía dunha charanga ata a praza Maior, onde teremos música e cea.

Queima dos Fachucos e do Entroido.

OURENSE

Martes de Entroido.

Animación de rúa.

17:30 h. Festa Infantil no Xardín do Posío.

A PEROXA

14:00 h. Comida.

17:00 h. Concurso de disfraces.

A POBRA DE TRIVES

Pola tarde, **desfile** de comparsas e Foliós.



A RÚA

16:30 h. **Desfile** de Entroido.

RIBADAVIA

17:00 h. **Desfile** de charangas e comparsas desde o IES Ribeiro ata a Praza Maior.



Bonitas, Oso e Vaca de Sande, Cartelle.

SANDE (CARTELLE)

Martes de Entroido.

12:00 h. **Desfile das Bonitas co Oso e a Vaca** acompañados dunha charanga.

14:00 h. Cocido de Entroido (previa inscrición).

Pregón a cargo de Rubén Riós.

Pola tarde troula coas abutardas.

SEIXALVO OURENSE

16:30 h. **Desfile** desde a Praza de Paqueta e Nicanor.

18:00 h. Comparsas na Praza Maior.

19:00 h. Festa rachada.

20:30 h. **Queima dos mecos** e ritual de entrega para o próximo Entroido.

AS TEIXUGUEIRAS (CARTELLE)

12:00 h. **Corrida do Meco.**

17:00 h. Lectura do Testamento e festa con queimada.

A VEIGA

XII Festa da Soá.

Comida popular no Pavillón Polideportivo.

18:00 h. Chocolatada e entrega de premios na Praza do Concello.

VERÍN

Martes de Entroido.

Pola mañá, animación musical coas charangas *Támega* e *Jalácticos*.

16:30 h. O **último desfile** repleto de máscaras, disfraces e grandes doses de humor, acompañadas de charangas. A festa seguirá na Praza Maior coas orquestras *Garibaldi* e *Gran Parada*.

VIANA DO BOLO

Día do Entroido.

Pola mañá **desfile de Fulións** ata Cabo da Vila.

Sesión Vermut.

16:00 h. **Gran Fariñada e Fulións** por toda a vila.

22:00 h. Cea dos Fulións.

00:00 h. **Queima dos Lardeiros.**

00:30 h. Concurso de disfraces, discomóbil e baile.

VILARIÑO DE CONSO

19:00 h. Na praza de Vilariño **Queima do Lardeiro e a Lardeira** que estiveron colgados na praza durante todo o Entroido, ao son dos bombos e gadañas que se despiden ata o próximo Entroido.

XINZO DE LIMIA

11:30 h. Alborada coa *Banda de Gaitas B. Charangas*.

17:30 h. **Desfile.**

Despedida das charangas do Entroido.

18:30 a 22:00 h. *Orquestra Jerusalén* na Praza do Toural.



Boteiro en Vilariño de Conso.



Máscara de Buxán e Fulións.

Mércores 1 de marzo

ALLARIZ

20:00 h. Pranto de Entroido na Praza Maior. **Queima do meco** no campo dos Brancos.

BANDE

19:00 h. **Enterro da Sardiña** coa participación da *Charanga de Bande*.

BARBADÁS

20:30 h. **Queima do Meco**.
Desfile fúnebre.

O BARCO DE VALDEORRAS

19:30 h. **O Enterro da Sardiña**. Praza Maior. Procesión, queima do Meco. Ao finalizar, chourizos para todos.

O CARBALLIÑO

19:00 h. **Enterro da Sardiña**. Praza Maior.
20:00 h. Gran Chocolatada. Praza Maior.

ENTRIMO

19:00 h. **Enterro da Sardiña**.

MACEDA

20:00 h. **Enterro do Entroido** na Praza das Toldas.

OURENSE

10:00 h. Mañás de entroido: Actividade dirixida a nenas/os de 3 a 12 anos.
20:00 h. **Enterro da Sardiña** na Praza Maior e procesión.

RIBADAVIA

20:00 h. **Enterro da Sardiña**. Saída da igrexa de san Francisco.

SEIXALVO (OURENSE)

21:00 h. Procesión da Sardiña.
21:30 h. **Enterro da Sardiña**. Praza Maior.

VIANA DO BOLO

Tarde-noite: **Enterro da Sardiña**.
Percorrido polas rúas ata Cabo da Vila. Sardiñada popular e torrexas.

VILARIÑO DE CONSO

20:00 h. O **Enterro da Sardiña** percorrerá as rúas ata o Toural. Celebración da tradicional sardiñada.

XINZO DE LIMIA

20:00 h. **Enterro da Sardiña**.
20:30 h. Sermón.
21:00 h. Queima da sardiña.



Pantalla de Xinzo de Limia.



Venres 3 de marzo

O CARBALLIÑO

Xornada Tapeira dedicada á cachucha nos locais da Ruta das Tapas.



Sábado 4 de marzo

O CARBALLIÑO

21:00 h. *Monólogo de Álex O'Dogherty*
no Auditorio do Carballiño.

CELANOVA

Sábado de Piñata.

17:00 h. **Desfile** polas rúas de Celanova de disfraces, comparsas e carrozas.

Pola tarde-noite baile na Praza Maior.



Domingo 5 de marzo

O CARBALLIÑO

XXIII Festa da Cachucha.

12:00 h. **Desfile** de Folións e charangas

18:00 h. Gran **desfile** de comparsas.
Animación na Praza Maior.

VERÍN

Domingo de Piñata.

Gran comida popular para os participantes nos desfiles.

XINZO DE LIMIA

Domingo de Piñata.


Charangas.

17:00 h. **Xogos populares** e ao finalizar xogo da piñata.


Orquestra.



Galos da Mezquita, A Merca.



Oímbra.



Vergalleiro de Sarreaus.



Vellarrón de Riós.



Madamita de Entrimo.



Os Anxeos, Parada de Sil.



Zarramoncalheiro de Cualedro.



Felos de Garabás, Maside.



A Pita de Eiroás.



As Teixugueiras, Cartelle.



Charrelo na Veiga.



Mugares, Toén.



Covelo, Melón.

entroidos de Ourense

